



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



“Multa ou flor?”

Actividades para Educación Primaria



Esta actividade de educación viaria inspirada no libro de Francesco Tonucci “A Cidade dos Nenos”, pretende que as nenas e nenos de Educación Primaria participen de forma activa na mobilidade da Coruña, no eido de desenvolver e integrar conductas seguras con respecto ao tráfico e tomar conciencia da importancia do coidado do medio na nosa cidade.

Baséase no reforzo positivo e negativo, na procura dunha aprendizaxe significativa por descubrimento.

Neste tramo de idades o alumnado comeza a tomar máis autonomía como peóns, e polo tanto, maior conciencia do seu entorno, ao tempo que empeza a utilizar a bicicleta non só como elemento de xogo senón coma un vehículo. Aproveitando a súa gran curiosidade parécenos importarte **guiarlles na súa interacción coa rúa, co tráfico, e aprender a participar como cidadás e cidadáns activos velando pola súa seguridade e polo medio**, e o mesmo tempo, propoñendo dende unha postura crítica solucións para conseguir unha cidade cunha mobilidade amable e sostible.



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



EDUCACIÓN PRIMARIA

Actividade para alumnado de

5º e 6º de Primaria

OBXECTIVOS:

- Promover a seguridade viaria e a mobilidade sostible mediante a participación e implicación do alumnado.
- Tomar conciencia da mobilidade na cidade da Coruña dende unha perspectiva crítica aportando solución, denunciando e premiando as boas condutas.
- Incentivar o coñecemento do seu ámbito inmediato, integrando neste á Policía Local como axente social próximo e colaborador.
- Aprender a camiñar seguros pola cidade entendendo a necesidade de respectar as normas como peóns e conductores de bicicletas.
- Estimular a súa iniciativa e canalizar o seu espírito crítico na participación cidadá.

ACTIVIDADE:

A actividade consiste en dividir o alumnado en dous grupos: un dos grupos terá un “boletín de denuncias simbólico”, co que poderán denunciar todas aquelas accións que consideren inconvintes e sancionables, mentres que segundo grupo disporá dunha flor feita na clase, que repartirá aos cidadáns e cidadás premiando as condutas cívicas e que promovan a mobilidade sustentable.

- Charla de sensibilización no centro educativo sobre a mobilidade segura e sostible.
- Percorrido polas inmediacións do seu entorno escolar. Logo de dividir ao grupo en dous, que irá vestido con chalecos policiais: un dos grupos terá que denunciar “simbólicamente” as accións que consideren inconvintes



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



(vehículos estacionados en pasos de peóns, tirar papéis á beirarrúa,...) mentres, o outro grupo premiará cunha flor as condutas percibidas como cívicas (usar o bus urbano, a bicicleta, camiñar cara o traballo e a escola, respectar os semáforos...)

- De seguido, os dous grupos terán que encher de forma conxunta, un formulario no que sinalarán o número de denuncias postas e premios repartidos, así como a súa valoración sobre o resultado.
- Finalmente, terán que entregar o formulario por rexistro nas dependencias municipais do propio Concello, indicando ademáis alguna suxerencia para a mellora da mobilidade sostible na nosa cidade.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 - 3 horas: 1 hora para a charla no centro e 1 hora para o percorrido.

RECURSOS MATERIAIS:

- Ordenador e pantalla para visionado dun vídeo.

RECURSOS PERSOAIS:

- Profesorado que acompañe aos alumnos.